

NOTA PRENSA / WEB

PONTECESO E CABANA DE BERGANTIÑOS IMPARTIRÁN UNS OBRADOIROS PARA A BUSCA ACTIVA DE EMPREGO.

O Servizo de Orientación Laboral do Concello de Ponteceso e Cabana de Bergantiños proporcionará ás persoas desempregadas unha formación para a busca activa de emprego.

Trátase duns OBRADOIROS PRÁCTICOS onde os participantes coñecerán os numerosos recursos e información existente en materia de emprego para mellorar a súa eficacia nesta busca. Os aspectos que manexarán serán entre outros: plans de formación e requisitos, a busca de emprego a través da rede, fontes de información, recursos locais, redes sociais como motores de busca, directorios de interese e aspectos básicos que non debemos descoñecer.

Os obradoiros constarán de dúas edicións, a primeira en Ponteceso os días 21 e 22 de novembro e a segunda en Cabana de Bergantiños os días 26 e 28 de novembro en horario de tarde.

Para inscribirse ou solicitar máis información:

Servizo de Orientación Laboral en Ponteceso: 981 715 442

AEDL en Cabana: 981 754 020